

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMANDO AO CONSELLO ESCOLAR

CIRCULAR INFORMATIVA

De acordo coa Convocatoria do día cinco do mes en curso, o próximo **día 23**, martes, en horario de **16:35 a 18:30 horas**, celébrase neste Centro a votación para a elección de representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do Colexio. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederase da seguinte forma:

1º.- Quen pode votar.

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral, tras a súa exposición pública regulamentaria.

2º.- Modo de emitir o voto.

- O voto será directo, secreto e non delegable.
- Os modelos de papeletas e sobres da votación serán, obrigatoriamente, os previamente fixados pola Xunta Electoral do Centro, dos que haberá cantidade suficiente no local da votación.
- Nas referidas papeletas figurarán os nomes dos candidatos, por orde alfabético de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz un máximo **dun nome** das candidata ou candidatos relacionados, debendo acreditar a súa personalidade, no momento de votar, mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar.
- Finalizada a votación procederase ao acto do escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

A dirección deste centro anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participen na votación do próximo martes, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro, a fin de conseguir a máxima representatividade posible de pais e nais no Consello Escolar.

A Coruña, 17 de novembro de 2021



O/A DIRECTOR/A DO CENTRO,

Asdo.. Mónica Julías Piñeiro

RELACIÓN DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS NO SECTOR DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO

Unha vez finalizado o prazo de presentación de candidaturas para a elección dos representantes de nais, pais e/ou titores legais do alumnado no **CONSELLO ESCOLAR** do Centro, a XUNTA ELECTORAL deste centro fai pública a relación de nomes das persoas candidatas que se presentan á referida elección, segundo se indica de seguido por orde alfabético de apelidos:

1. María Cristina Martínez Ces

Segundo o establecido no artigo 40 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21) corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 pai/nai/titor/a legal**, dun total de tres que debe ter o Consello Escolar. Un dos representantes do sector pais/nais continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018. Outro dos representantes dos pais/nais é proposto pola ANPA do centro. A candidata será nomeada por un período de tres anos.

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 16 de novembro de 2021

A DIRECTORA DO CENTRO E
PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Mónica Julías Piñeiro

